

**PUBLICACIÓN DO ACORDO PLENARIO DO CONCELLO DE MELIDE (07/08/2024)  
SOBRE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DOS  
INMOBLES NOS QUE SE DESENVOLVAN, TOTAL E EXCLUSIVAMENTE,  
ACTIVIDADES AGRARIAS, GANDEIRAS OU FORESTAIS PERTENCENTES AO  
SECTOR PRIMARIO A EFECTOS DA BONIFICACIÓN DO IBI.**

En sesión ordinaria celebrada polo pleno da corporación municipal do Concello de Melide de data 7 de agosto de 2024, adoptouse o seguinte acordo:

“**PRIMEIRO.** – Ditaminar favorablemente, con efectos nos períodos impositivos 2024 e seguintes, a declaración de especial interese ou utilidade municipal das actividades agrarias, gandeiras ou forestais pertencentes ao sector primario que se desenvolven no inmovible abaixo referenciado por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento de emprego que xustifican tal declaración:

<b>Nº REXISTRO SOLICITUDE</b>	<b>NIF/CIF</b>	<b>SUXEITO/S PASIVO/S</b>	<b>REFERENCIA CATASTRAL</b>	<b>GRAO DE AFECCIÓN</b>	<b>BONIFICACIÓN (%)</b>
202399900001301 (25/10/2023)	***9233**	JESÚS ARES RODRÍGUEZ	15047A049000910000GR	Total	95
202499900000721 (23/05/2024)					

**SEGUNDO.-** Dar traslado do respectivo acordo ao departamento de intervención municipal do Concello de Melide.

**TERCEIRO.-** Dar traslado do respectivo acordo ao servizo de xestión tributaria da Deputación da Coruña.

**CUARTO.-** Publicar o contido do respectivo acordo no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Melide aos efectos oportunos”.

Publicándose o dito acordo aos efectos oportunos, sendo que é definitivo na vía administrativa e que contra el poderase formular un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte á presente publicación, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña na forma prevista pola Lei reguladora da dita xurisdición, do 13 de xullo de 1998. Tamén poderase interpor, con carácter potestativo e previo ao expresado recurso contencioso-administrativo, un recurso de reposición ante o órgano que ditou esta resolución no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da publicación do presente acordo, en cuxo caso non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo se non é dentro dos prazos fixados pola mencionada lei, dende que lle sexa notificada a resolución expresa ou dende que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto; esta desestimación presunta producirase se transcorre un mes se que se ditase e notificase a resolución do recurso de reposición. Porén, advírtese que se poderá utilizar calquera outro recurso se así se cre conveniente.

Melide, 12 de agosto de 2024

O alcalde,

José Manuel Pérez Penas

*Documento asinado electronicamente.*